

Manual de Enquisas USC

Grupos de Interese

**Aprobado pola Comisión de Calidade e
Planificación delegada do Consello de
Goberno o 29 de novembro de 2024**

Historial de cambios

Versión	Data aprobación	Modificacións	Órgano
01	31 maio 2013	Versión inicial da enquisa de satisfacción doa alumnado coa docencia recibida	Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade
01	20 marzo 2014	Versión inicial da enquisa enquisa de satisfacción do PDI coa docencia impartida Versión inicial da enquisa enquisa sobre formación de PDI e PAS Versión inicial da enquisa sobre prácticas externas Versión inicial da enquisa sobre mobilidade saínte Versión inicial da enquisa a egresados	Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade
01	14 xaneiro 2015	Versión inicial da enquisa de satisfacción de PAS	Vicerreitoría de Comunicación e Coordinación
01	30 novembro 2017	Versión inicial da enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación Versión inicial da enquisa Enquisa de satisfacción do PDI coa titulación Versión inicial da enquisa sobre mobilidade entrante	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno
	22 xullo 2016	Cambios nos criterios de certificación da enquisa de satisfacción doa alumnado coa docencia recibida	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno
	21 setembro 2018	Cambios nos criterios de certificación e no contido da enquisa de satisfacción doa alumnado coa docencia recibida	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno
02	28 xullo 2023	Revisión de procedementos e contidos de enquisas Unificación de procedementos Unificación documental	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno
03	29 novembro 2024	Modificacións nas enquisas de egresados/as e satisfacción coa titulación e aclaracións de carácter xeral	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno

Contido

Historial de cambios	2
1. Aspectos Xerais	5
1.1. Obxectivo e propósito	5
1.2. Servizos é órganos responsables	5
1.3. Calendario de referencia	5
1.4. Promoción e difusión	6
1.5. Xestión da documentación	6
1.6. Análise e mellora	6
2. Enquisas de Satisfacción de Estudantes	9
2.1. Enquisa de satisfacción do estudantado coa docencia recibida	9
Alcance.....	9
Contido Enquisa "Satisfacción do Estudiantado coa Docencia Recibida"	9
Planificación.....	10
Realización.....	11
Informes.....	11
Certificacións	12
2.2. Enquisa de satisfacción do estudantado coa titulación.....	13
Alcance.....	13
Contido Enquisa "Satisfacción do Estudiantado coa Titulación"	13
Planificación.....	14
Realización.....	15
Informes.....	15
3. Enquisas de Satisfacción de PDI	17
3.1. Enquisa de satisfacción do PDI coa docencia impartida	17
Alcance.....	17
Contido Enquisa "Satisfacción do PDI coa Docencia Impartida"	17
Planificación.....	18
Realización.....	18
Informes.....	18
3.2. Enquisa de satisfacción do PDI coa titulación	19
Alcance.....	19
Contido Enquisa "Satisfacción do PDI coa Titulación"	19
Planificación.....	20
Realización.....	20
Informes.....	21
4. Enquisas de Satisfacción de PTXAS.....	23
4.1. Enquisa de satisfacción de PTXAS	23
Alcance.....	23
Contido Enquisa "Satisfacción do PTXAS"	23
Planificación.....	24
Realización.....	25
Informes.....	25
5. Enquisas Transversais	27
5.1. Enquisa sobre accións formativas	27
Alcance.....	27
Contido Enquisa "Satisfacción do PDI coa Acción Formativa"	27
Contido Enquisa "Satisfacción do PTXAS coa Acción Formativa"	28
Planificación.....	29

Realización.....	29
Informes.....	29
5.2. Enquisa sobre prácticas externas.....	30
Alcance.....	30
Contido Enquisa "Cuestionario para o/a Estudiante sobre Prácticas Externas"	30
Contido Enquisa "Cuestionario para o/a Titor/a Académico/a sobre Prácticas Externas"	31
Contido Enquisa "Cuestionario para o/a Titor/a Profesional sobre Prácticas Externas"	31
Planificación.....	32
Realización.....	33
Informes.....	33
5.3. Enquisa sobre mobilidade.....	34
Alcance.....	34
Contido Enquisa "Satisfacción de Estudantado coa Mobilidade Saínte"	34
Contido Enquisa "Encuesta de Satisfacción de Fin de Estancia; Cuestionario para el/la Estudiante"	37
Planificación.....	38
Realización.....	39
Informes.....	39
6. Enquisas a Egresados/as.....	41
6.1. Enquisa a egresados/as	41
Alcance.....	41
Contido Enquisa "Satisfacción dos/as Egresados/as (Grao/Máster)"	41
Planificación.....	44
Realización.....	44
Informes.....	44
7. Enquisas de Programas de Doutoramento	45
7.1. Enquisa de satisfacción co programa de doutoramento	45
Alcance.....	45
Contido Enquisa "Satisfacción de Estudiantes de Programas Oficiais de Doutoramento; Estudiantes 1º Ano"	45
Contido Enquisa "Satisfacción de Estudiantes de Programas Oficiais de Doutoramento; Estudiantes 3º Ano"	46
Contido Enquisa "Satisfacción dos/as Titores/as e Directores/as cos Programas de Doutoramento"	47
Contido Enquisa "Cuestionario para Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos sobre os Programas de Doutoramento"	48
Contido Enquisa "Satisfacción dos/as Egresados/as co Programa Oficial de Doutoramento"	50
Planificación.....	50
Realización.....	51
Informes.....	51
8. Formato de Informes.....	53
8.1. Informe tipo de resultados de enquisas.....	53
8.2. Informe tipo sobre evolución de resultados	54

1.Aspectos Xerais

Neste apartado recóllense os aspectos xerais de organización e procedemento comúns a todas as enquisas de todos os niveis de estudos (graos, másteres e programas de doutoramento) de todos os grupos de interese (estudantes, persoal docente e investigador -PDI-, persoal técnico de xestión e administración e servizos -PTXAS- e outros -empresas, institucións, etc.-) para as distintas actividades avaliadas durante o curso académico.

1.1. Obxectivo e propósito

O obxectivo deste documento é definir a realización, a explotación de resultados, a elaboración de informes e a emisión de certificacións das diferentes enquisas que realiza a USC durante o curso académico aos diferentes grupos de interese: estudantes, PDI, PTXAS e outros. Tanto para estudos de grao e máster como para estudos de doutoramento.

O propósito é uniformar a actividade anual relativa as enquisas aos diferentes grupos de interese.

1.2. Servizos é órganos responsables

Nos procedementos de realización, explotación de resultados, elaboración de informes e emisión de certificacións das enquisas están implicados, a diversos niveis, os seguintes servizos e órganos:

Vicerreitoría con responsabilidades en calidade das titulacións (VCT)

Asume a dirección xeral do proceso e o deseño e planificación en coordinación co CDP.

Centro de Datos e Procesos (CDP)

Asume o deseño e planificación en coordinación coa VCT e a dirección técnica do proceso; Encárgase de dirixir a explotación dos resultados, a elaboración de informes e a emisión de certificacións, coa colaboración técnica da ATIC.

Área de Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (ATIC)

Asume a execución técnica das enquisas responsabilizándose do funcionamento e mantemento da aplicación informática de soporte; Encárgase de apoiar as necesidades do CDP na explotación de resultados, na elaboración de informes e na emisión de certificacións.

1.3. Calendario de referencia

O seguinte cadro recolle a planificación xeral de execución das enquisas USC (no caso de que a data prevista coincida en data non laborable nun curso académico utilizarase a data laborable previa). A poboación obxectivo de cada enquisa detállase na descrición do procedemento da enquisa.

Enquisa	Data de Lanzamento	Data de Finalización
Satisfacción do estudantado coa docencia recibida (1º e 2º cuadrimestre)	20 días antes do último día lectivo do cuadrimestre	Último día lectivo do cuadrimestre
Satisfacción do estudantado coa titulación	15 de xuño	30 de xuño
Satisfacción do PDI coa docencia impartida	Último día lectivo de 2º cuadrimestre	20 días despois do último día lectivo de 2º cuadrimestre
Satisfacción do PDI coa titulación	15 de xuño	30 de xuño

Enquisa	Data de Lanzamento	Data de Finalización
Satisfacción do PTXAS	1 de maio	15 de maio
Satisfacción do PDI/PTXAS coa acción formativa	Ao remate da acción	Ao remate da acción
Prácticas externas	15 de xullo 15 de setembro	31 de xullo 30 de setembro
Mobilidade (saínte e entrante)	1 de xullo	15 de xullo
Satisfacción dos/as egresados/as	20 de outubro	10 de novembro
Satisfacción co programa de doutoramento	10 de xuño	30 de xuño

1.4. Promoción e difusión

Ao comezo do curso, a VCT e o CDP elaborarán a planificación anual do calendario de enquisas, en base a planificación de referencia do apartado anterior, que será comunicada aos/as decanos/as, aos/as directores/as, aos/as responsables de calidade dos centros docentes e ao Consello do Estudiantado da USC.

Unha semana antes do lanzamento de cada enquisa ou grupo de enquisas relacionadas con estudantes ou PDI, o CDP enviará un recordatorio sobre a posta en marcha da enquisa ou grupo de enquisas aos/as decanos/as, aos/as directores/as, aos/as responsables de calidade dos centros docentes e ao Consello do Estudiantado da USC. No caso das enquisas de satisfacción do estudiantado coa docencia recibida, da enquisa de satisfacción do estudiantado coa titulación, da enquisa de egresados e das enquisas sobre mobilidade e prácticas externas, o recordatorio anterior tamén será enviado aos/as coordinadores/as de títulos.

1.5. Xestión da documentación

O CDP, en colaboración técnica con ATIC, gardará en soporte dixital toda a información que da lugar aos informes e certificados asociados as diferentes enquisas, segundo a normativa de conservación da documentación administrativa vixente na USC.

1.6. Análise e mellora

Ao fin de cada curso académico, a VCT e o CDP analizarán as suxestións e/ou queixas recibidas e o desenvolvemento do procedemento co fin de identificar propostas de mellora para os seguintes cursos. A VTC presentará a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno un informe anual sobre o desenvolvementos das enquisas (incidencias, participación etc).

A Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno é o órgano responsable da aprobación dos procedementos e contidos das distintas enquisas USC dos diferentes grupos de interese contidos neste documento.

2. Enquisas de Satisfacción de Estudiantes

Neste apartado recóllense os aspectos particulares de procedemento das enquisas de satisfacción coa docencia/titulación do grupo de interese de estudantes de grao e máster oficiais.

2.1. Enquisa de satisfacción do estudantado coa docencia recibida

Alcance

A enquisa de opinión da satisfacción do estudantado coa docencia recibida abarca as titulacións oficiais de grao e máster implantadas na USC. Non é obxecto de cobertura desta enquisa as materias de plans de estudo en extinción sen dereito a docencia, as prácticas externas, as prácticas tuteladas da área de ciencias da saúde, o prácticum dos grados en mestre e os traballos fin de grao e fin de máster.

Esta enquisa require a participación (voluntaria e anónima) dos estudantes matriculados nos títulos oficiais de grao e máster. O procedemento de realización debe garantir que todo o estudantado teña a oportunidade de participar para manifestar a súa opinión sobre a docencia recibida, poñendo ao seu dispor os recursos precisos. Con tal obxectivo, os/as estudantes poderán cubrir telemáticamente, a través da súa secretaría virtual, o cuestionario de opinión sobre a docencia recibida nas materias nas que estean matriculados/as.

O procedemento tamén implica a os/as responsables académicos/as e ao profesorado como principais promotores da participación do estudantado, así como receptores/as da información subministrada polo estudantado.

Contido Enquisa "Satisfacción do Estudiantado coa Docencia Recibida"

NOTA: Por limitacións técnicas, nas enquisas de cada materia que vostede está matriculado/a aparecen recollidos/as todos/as os/as docentes que imparten aulas en dita materia. Recorde que vostede só debe responder aquelas que corresponden a docentes que lle impartiron horas efectivas de docencia.

Sexo: Home / Muller

O meu grao de asistencia ás clases é aproximadamente: Menor do <25% / Entre o 25 e o 50% / Entre o 51 e o 75% / Maior do 75%

Manifeste o seu nivel de acordo co enunciado, sinalando o número que mellor reflicte a súa apreciación. A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado)

Calidade da programación

1. O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?
2. Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?
3. Os/As estudantes sabemos de antemán cales van ser os criterios que utiliza o/a docente para a corrección de exames e/ou traballos?
4. Organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia?

Metodoloxía docente e materiais didácticos

5. O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios, manuais de prácticas,...) resúltame útil para a preparación da materia?
6. Os recursos didácticos empregados reforzan a preparación e comprensión da materia?
7. O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?
8. O cronograma temporal da materia proposto adecúase ás necesidades da materia e o estudantado e os contidos desenvólvense de acordo co cronograma?

Calidade docente

9. O/A docente motiva a participación crítica e activa do estudantado no desenvolvemento da clase?
 10. Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)?
 11. Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación co estudantado?
 12. Consegue facerme ver a relevancia desta materia e o seu interese para a miña formación?
 13. A axuda recibida nas titorías foime de utilidade (contestar só se as empregaches)?
- ## Valoración xeral da docencia recibida
14. O/A docente mellorou o meu nivel de partida en relación á materia?
 15. O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?
 16. Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia.
 17. Comentarios e suxestións. Anote calquera comentario que teña ao respecto.

Planificación

A VCT e o CDP definen, en función do calendario académico de cada curso, os prazos ordinarios para a realización das enquisas en cada cuatrimestre. Como norma xeral, estes prazos serán anteriores ao inicio do período oficial de exames.

O CDP informará ás direccións dos centros, aos/as responsables de calidade e aos/as coordinadores/as de graos e ao Consello do Estudiantado do período ordinario de realización da enquisa para os graos, solicitando a súa colaboración na difusión e fomento da participación entre os/as seus/súas estudantes e profesorado.

No caso dos másteres oficiais, e dada a variabilidade da configuración académica dos mesmos, o CDP informará aos/as coordinadores/as destes títulos dos prazos xerais e ofrecerá a posibilidade de solicitar a realización da enquisa noutros prazos diferentes. O/A coordinador/ra do máster disporá dun prazo, dende o envío da comunicación, para facer a proposta específica para a realización da enquisa no máster (datas, módulos, materias,...). Esta proposta deberá ser valorada e aceptada/rexeitada pola VCT segundo os obxectivos e recursos para a elaboración da enquisa. Para aqueles másteres que non teñan proposto unhas datas específicas en prazo a enquisa será realizada nos prazos ordinarios.

Unha vez definidos os prazos xerais e específicos para másteres, o CDP planificará a enquisa de cada cuadrimestre na aplicación informática que lle da soporte (cuestionarios, títulos, materias, períodos,...) coordinándose coa ATIC nas cuestións relativas á información a empregar na realización da enquisa (oferta académica, estudantado e profesorado). A información que se emprega na planificación é: a oferta académica da USC para graos e másteres oficiais, a base de datos de matrícula do estudantado incluíndo os correos electrónicos persoais e corporativos, o plan de organización docente (POD) e o correo electrónico corporativo do profesorado.

Antes do comezo do período ordinario, o CDP enviará comunicación a todo o profesorado coa información do inicio do proceso e coa información recollida no POD relativa a súa docencia informándoo das materias nas que vai a ser valorado. Abrirase un prazo para que, no caso de que sexa detectada algunha inconsistencia na información relativa a súa actividade docente, poda ser corrixida con anterioridade ao comezo do período de enquisa por parte dos servizos ou órganos responsables.

Se durante esta fase se detectan discordancias na información das bases institucionais ou incidencias que impidan a correcta planificación da enquisa, serán rexistradas polo CDP e comunicadas á VCT.

Realización

O día de apertura do prazo para cubrir as enquisas, o CDP enviará unha comunicación ao estudantado para informalo do comezo do período de realización da enquisa para opinar sobre a satisfacción coa docencia recibida. Nesta mensaxe ao estudantado se lle facilitarán as instrucións necesarias para o acceso ao módulo de enquisas, dependente da aplicación informática, na que pode manifestar a súa opinión.

Durante o período de enquisa, enviaranse recordatorios ao estudantado que aínda non respondera a enquisa para fomentar a súa participación e lembrar-lles as datas de finalización do período de enquisa. Como mínimo, un recordatorio a metade do período e outro a tres días da súa finalización.

Se durante esta fase se detectan incidencias que impidan a realización da enquisa, serán rexistradas e comunicadas á VCT.

Informes

Unha vez finalizados os dous prazos para cubrir as enquisas de cada cuadrimestre, o CDP elaborará os informes anuais de resultados. Estes informes recollen, no seu nivel máis pormenorizado que corresponde ao vínculo entre materia e profesor/ra, o número de estudantes que cubriron a enquisa e o número posible de estudantes que podían cubrila, a satisfacción media global das opinións do estudantado por materia e ítem do cuestionario, a súa distribución de frecuencias absolutas, así como unha comparativa para o mesmo tipo de estudos da media do/a profesor/a con outras medias (universidade, rama de coñecemento, departamento, centro, titulación e materia).

Esta información primaria agrégase en outros niveis diferentes para dar cobertura ás necesidades de información dos/as responsables académicos/as e títulos así como da propia institución.

A VCT e o CDP comunicarán a todo o profesorado e aos/as responsables académicos/as a dispoñibilidade deses informes de resultados que terán carácter provisional abrindo un

prazo para comunicar as posibles incidencias. O profesorado poderá consultar os seus informes de resultados na súa secretaría virtual. En caso de non conformidade co informe provisional, o profesorado e os/as responsables académicos/as disporán dun prazo para solicitar, previa motivación, a súa revisión. Unha vez recibidas as solicitudes, o CDP rexistrará e realizará unha valoración inicial das solicitudes informando á VCT que resolverá as incidencias comunicándose posteriormente aos/as interesados/as.

Unha vez resoltas as incidencias, realizarase novamente a explotación dos datos e a VCT e o CDP comunicarán a todo o profesorado, aos/as responsables académicos/as e ao Consello de Estudante a dispoñibilidade dos informes de resultados que terán carácter definitivo.

O CDP elaborará, con base nos datos definitivos, os informes agregados necesarios para dar cobertura ás necesidades de información dos distintos órganos, responsables, títulos,... da USC así como, en colaboración co VCT, un informe global de resultados que será público.

Certificacións

Unha vez que os informes de resultados sexan definitivos, o profesorado poderá solicitar e descargar a súa certificación dixital. Nesta certificación engádense, para cada curso académico seleccionado, todas as materias nas que impartiu docencia o/a profesor/a, que tiveron resposta por parte do estudantado, conforme aos criterios aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno que se recollen a continuación. Amósanse a media global das respostas do estudantado de cada materia así como o número de enquisas cubertas e posibles da materia.

O profesorado pode escoller se desexa que figure no certificado dixital a media da titulación, do seu departamento ou da universidade.

O documento no que se fai constar a satisfacción do estudantado é asinado dixitalmente co selo de órgano da USC.

Os certificados coa información anterior ao curso 2002-03 serán elaborados polo CDP previa solicitude do/a interesado/a por correo electrónico.

Criterios de certificación

Criterios de avaliación e certificación nas enquisas de satisfacción do estudantado coa docencia recibida (aprobados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 21 de setembro de 2018)

Criterios para proceder a realización da avaliación

O PDI será avaliado naquelas materias que imparta un mínimo de 15 horas ou un 25% do total de horas da materia.

Criterios para proceder a certificación dos resultados das enquisas

Aplicarase un criterio regresivo de tal xeito que naquelas materias con menor volume de estudantes matriculados/as existe unha maior esixencia.

Número de estudantes	Porcentaxe de enquisas requirido	Número de enquisas requiridas
Entre 2 e 5	100%	Entre 2 e 5
Entre 6 e 20	50%	Entre 5 e 10

Entre 21 e 40	40%	Entre 10 y 16
Entre 41 e 60	30%	Entre 16 y 18
61 ou máis	20%	Máis de 18
Emprégase o valor maior entre estes dous criterios		

2.2. Enquisa de satisfacción do estudantado coa titulación

Alcance

A enquisa de opinión sobre a satisfacción coa titulación abarca a todas as titulacións de grao e máster oficial.

Esta enquisa require a participación (voluntaria e anónima) do estudantado de 2º, 3º, 4º, 5º (para títulos de 300 ECTS) e 6º (para títulos de 360 ECTS) curso de titulacións de grao e do estudantado de titulacións de másteres oficiais. O procedemento debe garantir que as persoas pertencentes aos grupos citados anteriormente, teñan a oportunidade de participar para manifestar a súa opinión sobre a titulación que están cursando docencia.

O procedemento tamén implica a todos/as os/as responsables académicos/as dos graos e ás coordinacións de másteres que son os/as principais promotores da participación, así como receptores/as da información subministrada polo estudantado.

Contido Enquisa “Satisfacción do Estudantado coa Titulación”

Manifeste o seu nivel de acordo co enunciado, sinalando o número que mellor reflicte a súa apreciación. A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado)

Apoio ao estudantado

1. Cal é a súa valoración dos trámites de matriculación?
2. Considera que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?
3. Valore a atención prestada polo persoal de administración e servizos
4. Valore a orientación profesional e laboral recibida no teu centro
5. Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?
6. As infraestruturas e materias dispoñibles no centro son axeitados?
7. O campus virtual é útil e facilita as súas xestións académicas?

Aspectos formativos

8. Os horarios deste curso foron axeitados?
9. A carga de traballo está ben distribuída?
10. O calendario de probas de avaliación é razoable?
11. A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos
12. En xeral, considero que a titulación está ben organizada no que se refire á coordinación de contidos das materias do plan de estudos
13. En xeral, considero que a titulación está ben organizada no que se refire á coordinación dos diferentes docentes de cada materia

14. A oferta de prácticas é atractiva?
15. A xestión do TFG é axeitada?
16. A oferta dos TFG é interesante?
17. En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación neste curso
18. Comentarios e suxestións. Anote calquera comentario que teña ao respecto

Planificación

A VCT e o CDP definen, en función do calendario académico de cada curso, o prazo ordinario para a realización da enquisa. Como norma xeral, este prazo serán posterior ao remate da actividade lectiva do segundo cuatrimestre.

Unha vez definidos o prazo xeral, o CDP planificará a enquisa na aplicación informática que lle da soporte (cuestionarios, títulos, materias, períodos,...) coordinándose coa ATIC nas cuestións relativas á información de base a empregar na realización da enquisa (oferta académica, estudantado e titores/as académicos/as). A información fundamental que se emprega na planificación é: a oferta académica da USC para graos e másteres oficiais e a base de datos de matrícula do estudantado incluíndo os correos electrónicos persoais e corporativos.

Nesta fase de planificación garántese que os/as estudantes poidan cubrir telemáticamente, a través da aplicación informática, o cuestionario de satisfacción coa titulación.

Se durante esta fase se detectan discordancias na información das bases institucionais ou incidencias que impidan a correcta planificación da enquisa, serán rexistradas polo CDP e comunicadas á VCT.

Realización

O día de apertura do prazo para cubrir as enquisas, o CDP envía unha mensaxe ao correo electrónico do estudantado para informalos do comezo do período de realización das enquisas de opinión sobre a satisfacción coa titulación. Nesa mensaxe se lle facilitan as instrucións para o acceso ao módulo de enquisas dependente da aplicación informática na que poden manifestar a súa opinión.

Durante o período de enquisa, enviaranse recordatorios ao estudantado que aínda non respondera a enquisa para fomentar a súa participación e lembrarlles as datas de finalización do período de enquisa. Como mínimo, un recordatorio a metade do período e outro a tres días da súa finalización.

Se durante esta fase se detectan incidencias que impidan a realización da enquisa, serán rexistradas polo CDP e comunicadas á ACT.

Informes

Unha vez finalizado o prazo para cubrir as enquisas, o CDP elaborará os informes de resultados. Os informes recollen, a nivel de título, o número de participantes que cubriron a enquisa e a taxa de reposta sobre o total das persoas que poden cubrir a enquisa, a marxe de erro e a distribución do número de respostas segundo o sexo. Para cada ítem, a valoración media a nivel de titulación e a valoración media a nivel da USC.

O CDP elaborará os informes agregados necesarios para dar cobertura ás necesidades de información dos distintos órganos, responsables, títulos,... da USC así como un informe global de resultados, en colaboración coa VCT, que será público.

3. Enquisas de Satisfacción de PDI

Neste apartado recóllense os aspectos particulares de procedemento das enquisas de satisfacción coa docencia do grupo de interese de PDIs de grao e máster.

3.1. Enquisa de satisfacción do PDI coa docencia impartida

Alcance

A enquisa sobre o grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida nas súas materias abarca todas as titulacións de grao e máster oficial impartidas na USC.

Esta enquisa require a participación (voluntaria e anónima) do profesorado dos títulos de grao e máster oficial da USC. O procedemento debe garantir que todo o profesorado que impartiu docencia teña a oportunidade de participar para manifestar a súa satisfacción coa materia, titulación e centro no que o imparte docencia.

Contido Enquisa “Satisfacción do PDI coa Docencia Impartida”

Manifeste o seu nivel de acordo co enunciado, sinalando o número que mellor reflicte a súa apreciación. A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado)

Bloque 1. Docencia presencial

Avaliación do estudantado

1. O meu estudantado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases?
2. Coñezo o nivel de comprensión dos/as estudantes?
3. Globalmente estou satisfeita/o co traballo realizado polo estudantado nas miñas clases?
4. Penso que, en xeral, o meu estudantado está satisfeito co meu labor como docente.
5. O nivel co que chega o estudantado (coñecementos e habilidades) é suficiente para afrontar os contidos da materia?

Apoio á docencia e implicación na mellora

6. O material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade (fondos bibliográficos, fondos audiovisuais, aulas virtuais, aulas de informática, espazos de traballo,...) son suficientes e axeitados para o desenvolvemento da materia?

7. A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?

8. Estou interesada/o en recibir formación de apoio para a mellora da docencia (novos recursos docentes, novas tecnoloxías aplicadas á docencia, etc.)?

Desempeño docente

9. Organizo e estruturo ben as miñas clases?

10. Informo axeitadamente ao meu estudantado dos criterios de avaliación da materia?

11. Amósome accesible ao estudantado nas miñas clases e titorías?

12. Manteño un trato correcto e tolerante co estudantado?

13. Estou satisfeito coa titorización do TFG/TFM

14. En xeral, estou satisfeito co meu labor docente?

Planificación

A VCT e o CDP definen, en función do calendario académico de cada curso, os prazos xerais ou ordinarios para a realización da enquisa. Tendo en conta a estruturación actual dos plans de estudo, estas enquisas realizaranse despois do remate da actividade lectiva do segundo semestre.

A información fundamental que se emprega na planificación é: a oferta académica da USC para graos e másteres oficiais, o Plan de Organización Docente (POD) destes títulos e a base de datos dos correos electrónicos corporativos do profesorado.

Nesta fase de planificación garántese que o profesorado poda cubrir telemáticamente a enquisa sobre o grao de satisfacción coa docencia impartida.

Realización

O día de apertura do prazo para cubrir as enquisas, o CDP, a través da aplicación informática, enviará unha mensaxe ao correo electrónico de todo o profesorado que teña impartido docencia no curso académico segundo consta no POD das titulacións de grao e máster oficial.

Neste correo informarase do comezo do período de realización das enquisas para opinar sobre o grao de satisfacción coa súa docencia e se lle facilitarán as instrucións necesarias para o acceso ao módulo de enquisas dependente da aplicación informática na que pode manifestar a súa opinión.

Durante o período de enquisa, enviaranse recordatorios ao profesorado que aínda non respondera a enquisa para fomentar a súa participación e lembrarles as datas de finalización do período de enquisa. Como mínimo, un a metade do período e outro a tres días da súa finalización.

Se durante esta fase se detectan incidencias que impidan a realización da enquisa, serán rexistradas polo CDP e comunicadas á VCT.

Informes

Unha vez finalizado o prazo para cubrir as enquisas, o CDP elaborará o informe de resultados. Este informe recollerá para cada titulación o número de profesores/as que cubriron a enquisa e o número posible de profesores/as que poderían cubrila, a satisfacción media global das opinións do profesorado para cada pregunta do cuestionario, así como, as valoracións medias para cada bloque no que se estrutura a enquisa.

O CDP elaborará, con base nesta información primaria, os informes agregados necesarios que dean cobertura ás distintas necesidades de información para a xestión do sistema de calidade da USC.

3.2. Enquisa de satisfacción do PDI coa titulación

Alcance

A enquisa de opinión sobre a satisfacción coa titulación abarca a todas as titulacións de grao e máster oficial.

Esta enquisa require a participación (voluntaria e anónima) do profesorado das ditas titulacións. O procedemento debe garantir que os/ás profesores/as, teñan a oportunidade de participar para manifestar a súa opinión sobre a titulación que están impartindo docencia.

O procedemento tamén implica a todos/as os/as responsables académicos/as dos graos, ás coordinacións de másteres e ao profesorado que son os/as principais receptores/as da información subministrada polo estudantado.

Contido Enquisa “Satisfacción do PDI coa Titulación”

Manifeste o seu nivel de acordo co enunciado, sinalando o número que mellor reflicte a súa apreciación. A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado)

Apoio á docencia

1. Consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada? (aspectos organizativos e de xestión, plan de estudos, competencias...)

2. Valora a atención prestada polo persoal técnico, de xestión e de administración e servizos

3. Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?

4. As aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuadas para o meu labor docente?

5. O campus virtual facilita o meu labor docente?

6. As vías existentes para participar na mellora da calidade son axeitadas?

Aspectos académicos

7. Os horarios existentes son axeitados?

8. A carga de traballo está ben distribuída?

9. O calendario de probas de avaliación é razoable?

10. As e os docentes estamos coordinados/as na organización do título?

11. A titulación é equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos?

12. O estudantado recibe unha formación en competencias profesionais axeitada?

13. En xeral, considero que a titulación está ben organizada?

14. Valora a calidade docente da túa titulación

Estudiantado

15. O estudantado cumpre coa planificación académica sen problemas?

16. O estudantado acode con regularidade ás clases?

17. O estudantado implícase na titulación?

18. O estudantado está satisfeito coa titulación?

19. En xeral, síntome satisfeito/a coa titulación

Planificación

A VCT e o CDP definen, en función do calendario académico de cada curso, o prazo xeral para a realización das enquisas. Como norma xeral, este prazo será posterior ao remate da actividade lectiva do segundo semestre.

Unha vez definidos os prazos xerais, o CDP planificará a enquisa na aplicación informática que lle da soporte (cuestionarios, títulos, materias, períodos,...) coordinándose coa ATIC nas cuestións relativas á información de base a empregar na realización da enquisa (oferta académica, estudantado e titores/as académicos/as). A información fundamental que se emprega na planificación é: a oferta académica da USC para graos e másteres oficiais, o POD e o correo electrónico corporativo do profesorado.

Nesta fase de planificación garántese que o profesorado poida cubrir telemáticamente, a través da aplicación informática, o cuestionario de satisfacción coa titulación.

Se durante esta fase se detectan discordancias na información das bases institucionais ou incidencias que impidan a correcta planificación da enquisa, serán rexistradas polo CDP e comunicadas á VCT.

Realización

O día de apertura do prazo para cubrir as enquisas, o CDP envía unha mensaxe ao correo electrónico do profesorado para informalos do comezo do período de realización das enquisas de opinión sobre a satisfacción coa titulación. Nesa mensaxe se lle facilitan as instrucións para o acceso ao módulo de enquisas dependente da aplicación informática na que poden manifestar a súa opinión.

Durante o período de enquisa, enviaranse recordatorios aos participantes que aínda non respondera a enquisa para fomentar a participación e lembrarles as datas de finalización do período de enquisa. Como mínimo, un recordatorio a metade do período e outro a tres días da súa finalización.

Se durante esta fase se detectan incidencias que impidan a realización da enquisa, serán rexistradas polo CDP e comunicadas á VCT.

Informes

Unha vez finalizado o prazo para cubrir as enquisas, o CDP elaborará os informes de resultados. Os informes recollen, a nivel de título e para cada un dos modelos de cuestionario, o número de participantes que cubriron a enquisa e a taxa de reposta sobre o total das persoas que poden cubrir a enquisa, a marxe de erro, a distribución do número de respostas segundo o sexo. Para cada ítem, a valoración media a nivel de titulación e a valoración media a nivel da USC.

O CDP elaborará os informes agregados necesarios para dar cobertura ás necesidades de información dos distintos órganos, responsables, títulos,... da USC así como un informe global de resultados que será público.

4. Enquisas de Satisfacción de PTXAS

Neste apartado recóllense os aspectos particulares de procedemento das enquisas de satisfacción co traballo realizado do grupo de interese de PTXAS de centros.

4.1. Enquisa de satisfacción de PTXAS

Alcance

A enquisa de opinión sobre a satisfacción do PTXAS permite visualizar a situación actual, o comportamento e diferenzas obxecto de estudo para o Centro.

Esta enquisa require a participación (voluntaria e anónima) do Persoal Técnico, de Xestión, de Administración e Servizos que desenvolve as súas funcións nas Escolas ou Facultades da USC. O procedemento debe garantir que todo o persoal teña a oportunidade de participar para manifestar a súa opinión.

Contido Enquisa “Satisfacción do PTXAS”

Esta enquisa é de opinión (non de avaliación) e recolle a túa percepción co obxectivo de servir como indicador para a mellora da calidade dos servizos e recursos da universidade, no marco dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade esixidos pola implantación do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Responder supón un pequeno esforzo, pero tamén representa unha oportunidade para expresarse. A información que achegas é importante, por isto pedímosche que respondas con sinceridade a cada unha das preguntas. O tratamento estatístico das respostas garantirá a absoluta confidencialidade das súas opinións.

A USC agradece a túa participación activa e responsable, imprescindible nos procesos de mellora.

Campus (Lugo/Norte /Sur):

Centro de traballo (Nome do centro) :

Sexo (Home/Muller):

Valora os seguintes aspectos manifestando a túa satisfacción. A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (Totalmente en desacordo) e o 5 a máis alta (Moi de acordo).

Bloque 1: Posto de Traballo

1. Coñezo as miñas funcións e as miñas responsabilidades están claramente definidas
2. O sistema de reparto de cargas de traballo é axeitado
3. Síntome parte activa dun equipo de traballo
4. As miñas opinións e aportacións son tidas en conta á hora de mellorar a miña unidade

Bloque 2: Dirección da Unidade

5. Sinto que a persoa responsable da unidade coordina e dirixe correctamente ao equipo de traballo e resolve correctamente os conflitos no equipo
6. Estou coordinado/a con outras unidades de universidade

Bloque 3: Comunicación

7. A comunicación entre o persoal da unidade e os/as usuarios/as é axeitada

Bloque 4: Espazos e Recursos

8. O meu lugar de traballo é accesible e non percibo dificultades no seu acceso

9. O meu lugar de traballo é seguro (non percibo pouca salubridade ou toxicidade no ambiente, etc)

10. O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, etc)

11. Os recursos dispoñibles para o desempeño do meu traballo son os axeitados (equipamento)

Bloque 5: Motivación

12. Síntome motivado/a no meu traballo

13. As miñas condicións laborais (salario, horarios, organización, etc.), son axeitados

Bloque 6: Formación

14. A miña formación é importante para manter a calidade do meu traballo

Bloque 7: Satisfacción

15. En xeral, síntome satisfeito/a co meu traballo

Se desexas facer calquera suxestión ou observación, podes remitila ao seguinte enderezo de correo electrónico: calidade@usc.es

Planificación

A VCT e o CDP definen, en función do calendario académico de cada curso, o prazo xeral para a realización das enquisas. Como norma xeral, este prazo será no mes de maio.

Nesta fase de planificación garántese que os/as participantes poidan cubrir telemáticamente a enquisa sobre os seu grao de satisfacción. A información fundamental que se emprega na planificación é a base de datos de recursos humanos do Persoal de Administración e Servizos, incluíndo o correo electrónico corporativo.

Realización

O día de apertura do prazo para cubrir as enquisas, o CDP envía unha mensaxe ao correo electrónico do Persoal de Administración e Servizos do Centro para informalos do comezo do período de realización das enquisas. Nesta mensaxe facilítanselle as instrucións para o acceso ao módulo de enquisas dependente da aplicación informática na que poden manifestar a súa opinión.

Durante o período de enquisa, enviaranse recordatorios aos participantes que aínda non respondera a enquisa para fomentar a participación e lembrarllas as datas de finalización do período de enquisa. Como mínimo, un a metade do período e outro a tres días da súa finalización.

Se durante esta fase se detectan incidencias que impidan a realización da enquisa, serán rexistradas polo CDP e comunicadas á VCT.

Informes

Unha vez finalizado o prazo para cubrir as enquisas, o CDP elaborará os informes de resultados. Os informes recollen, a nivel de Centro, o número de participantes que cubriron a enquisa e o número posible de participantes que podían cubrila, a satisfacción media global das opinións e por cada ítem do cuestionario.

O CDP comunicará aos/ás responsables académicos/as a dispoñibilidade deses informes de resultados que terán carácter provisional abrindo un prazo para comunicar as posibles incidencias. En caso de detectarse algunha inconsistencia no informe provisional, os/as responsables académicos/as disporán dun prazo para solicitar, previa motivación, a súa revisión. Unha vez recibidas as solicitudes, o CDP rexistrará, valorará e resolverá as solicitudes informando á VCT e comunicando a resolución aos/ás interesados/as.

Unha vez resoltas as incidencias, realizarase novamente a explotación dos datos e o CDP comunicará aos/ás responsables académicos/as a dispoñibilidade dos informes de resultados que terán carácter definitivo.

O CDP elaborará, con base nos datos definitivos, os informes agregados necesarios para dar cobertura ás necesidades de información dos distintos órganos, responsables, títulos, ... da USC así como un informe global de resultados que será público.

5. Enquisas Transversais

Neste apartado recóllense os aspectos particulares de procedemento das enquisas que analizan diferentes aspectos transversais que implican a varios grupos de interese de centros e titulacións.

5.1. Enquisa sobre accións formativas

Alcance

A enquisa sobre o grao de satisfacción do persoal, PDI e PTXAS, coa formación abarca todas as accións formativas e cursos de formación.

Esta enquisa require a colaboración (voluntaria e anónima) dos/as participantes nas accións formativas e cursos de formación da USC. O procedemento debe garantir que tódolos/as participantes teñan a oportunidade de manifestar a súa satisfacción coa acción formativa e profesorado de dita acción.

Contido Enquisa “Satisfacción do PDI coa Acción Formativa”

Sexo: Home / Muller

Cal é a súa antigüidade na USC?: Ata 5 anos / De 6 a 10 anos / De 11 a 15 anos / De 16 a 20 anos / Máis de 20 anos

Cal é a súa categoría profesional?: Catedrático/a de Universidade / Titular de Universidade / Profesor/a Permanente Laboral / Titular de Escola Universitaria / Contratado/a Doutor/a / Axudante Doutor/a / Axudante / Asociado/a / Emérito/a / Interino/a / Outras

Cal é a súa área de coñecemento?: Ciencias Sociais e Xurídicas / Ciencias experimentais / Ciencias da Saúde / ensinanza técnica Enxeñaría e Arquitectura / Artes e Humanidades

Como valoras a duración do curso?: Demasiado longo / Duración xusta / Demasiado curto

Manifeste o seu nivel de acordo co enunciado, sinalando o número que mellor reflicte a súa apreciación. A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado)

Organización

1. A información previa do curso foi axeitada
2. O proceso de inscrición e matrícula foi axeitado
3. A planificación e organización do curso foi axeitada (horarios, número de prazas, etc.)
4. As instalacións utilizadas estaban en bo estado e foron axeitadas

Calidade da formación

5. Os materiais didácticos empregados foron axeitados
6. Os contidos do curso deron resposta ás súas necesidades de formación
7. Os contidos traballados foron innovadores e actualizan a súa profesión
8. Vai poder aplicar os contidos do curso no seu labor docente

9. Valore a súa satisfacción xeral co curso

Si/non

10. En xeral, recomendaríalle a outros/as compañeiros/as que se matriculasen neste curso?

Contido Enquisa “Satisfacción do PTXAS coa Acción Formativa”

Enquisa de satisfacción do PTXAS coas accións formativas

1.- Bloque 1. Tipoloxía do estudantado

Sexo: Muller / Home

Antigüidade na USC: Ata 5 anos / 6-10 anos / 11-15 anos / 16-20 anos / Máis de 20 anos

Réxime xurídico: Laboral Grupo I / Laboral Grupo II / Laboral Grupo III / Laboral Grupo IV / Funcionario Grupo A1 / Funcionario Grupo A2 / Funcionario Grupo C1 / Funcionario Grupo C2

2.- Bloque 2. Organización xeral do curso

Valore o seu grao de satisfacción sobre os seguintes aspectos da organización do curso. A escala de valoración vai de 1 (moi insatisfeito/a) ata 10 (moi satisfeito/a)

Información previa recibida do curso

Adecuación da duración do curso aos contidos

Horarios

Número de estudantado axeitado para a aprendizaxe

Aulas e instalacións

3.- Bloque 3. Obxectivos/contidos do curso

Valore o seu grao de acordo ou desacordo sobre os seguintes aspectos dos obxectivos e contidos do curso. O grao de valoración vai de 1 (moi en desacordo) ata 10 (moi de acordo)

Conseguíronse os obxectivos do curso

Os contidos satisfíxeron as súas necesidades de formación

Adquirín os coñecementos previstos segundo os obxectivos propostos

4.- Bloque 4. Percepción da aprendizaxe e satisfacción xeral

Valore o seu grao de satisfacción sobre os seguintes aspectos da percepción da aprendizaxe e satisfacción xeral do curso. O grao de valoración vai de 1 (moi insatisfeito/a) ata 10 (moi satisfeito/a)

Pareceume axeitado o contido teórico do curso

Pareceume axeitado o contido práctico do curso

Cumpríronse as miñas expectativas de aprendizaxe

Nivel de adaptación do curso ás miñas necesidades

Satisfacción global

Recomendaríalle a outros/as compañeiros/as que se matriculasen neste curso? Sí / Non

Planificación

Os servizos responsables da programación e planificación da formación do PTXAS e do PDI da universidade planifican, segundo o horario de cada curso, o día para a realización da enquisa de satisfacción coa acción formativa e o profesorado.

A enquisa realizarase ao remate da actividade formativa. A información fundamental que se emprega na planificación é: o calendario da acción formativa, o número de docentes e o número de participantes. Nesta fase de planificación garántese que os/as participantes podan cubrir a enquisa sobre o seu grao de satisfacción.

Realización

Ao remate da acción formativa, os servizos responsables da programación e planificación da formación do persoal da universidade, facilitarán aos/as asistentes un cuestionario para a avaliación da acción formativa e outro cuestionario para a avaliación do profesorado da acción formativa (un por cada profesor/ra). Os cuestionarios son de lectura óptica e facilitaranse as instrucións necesarias para cumprimentalos.

Se durante esta fase se detectan incidencias que impidan a realización da enquisa, serán rexistradas e comunicadas aos órganos ou servizos responsables para que procedan á súa resolución.

O persoal encargado da realización da enquisa recollerá os cuestionarios cubertos que serán remitidos o CDP para a súa explotación.

Informes

Unha vez finalizadas as accións formativas programadas o CDP elaborará o informe de resultados. Os informes para as accións formativas do PTXAS terán carácter anual mentres que os correspondente ao PDI serán por curso académico.

Este informe recollerá para cada acción o número de participantes que cubriron a enquisa e o número posible que poderían cubrila, a satisfacción media global das súas opinións tanto sobre a acción coma sobre o profesorado para cada pregunta do cuestionario, así como, as valoracións medias para cada bloque no que se estrutura a enquisa, de ser o caso.

O CDP elaborará, con base nesta información primaria, os informes agregados necesarios que dean cobertura ás distintas necesidades de información para a xestión do sistema de calidade da USC.

5.2. Enquisa sobre prácticas externas

Alcance

A enquisa de opinión sobre a satisfacción coas prácticas externas abarca a todas as titulacións de grao e máster oficial con plans de estudo que as contemplen.

Esta enquisa require a participación (voluntaria e anónima) do estudantado dos títulos de grao e máster oficial da USC e dos titores/as académicos/as e profesionais. O procedemento debe garantir que todo o estudantado e titores/as teñan a oportunidade de participar para manifestar a súa opinión sobre as prácticas externas.

O procedemento tamén implica a todos/as os/as responsables académicos/as dos graos, ás coordinacións de másteres e ao profesorado que son os/as principais receptores/as da información subministrada polo estudantado.

Contido Enquisa “Cuestionario para o/a Estudiante sobre Prácticas Externas”

Manifeste o seu nivel de acordo co enunciado, sinalando o número que mellor reflicte a súa apreciación. A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado)

1. A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada (requisitos, prazos ofertadas, horarios, etc.).
2. A duración das prácticas foi axeitada
3. As instalacións e os medios materiais cos que contei na empresa/institución foron axeitados.
4. A atención recibida por parte do/a titor/ra profesional e do persoal da empresa/institución foi adecuada.
5. As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.
6. As actividades desenvolvidas na empresa/institución cumpriron as miñas expectativas.
7. En xeral, as prácticas supoñen un bo contacto co mercado laboral.
8. A información, orientación e atención prestada por parte do/a meu/miña titor/ra académico/a da Universidade foi axeitada.
9. Valora a túa satisfacción co teu período de prácticas externas

Contido Enquisa “Cuestionario para o/a Titor/a Académico/a sobre Prácticas Externas”

Manifeste o seu nivel de acordo co enunciado, sinalando o número que mellor reflicte a súa apreciación. A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado)

1. A coordinación e a planificación das prácticas realizouse atendendo as necesidades do(s)/da(s) estudantes e da(s) institución(s)/empresa(s)?
2. Mantiven unha boa comunicación e coordinación coa(s) institución(s)/empresa(s) e os responsables profesionais?
3. As competencias profesionais previas do(s)/da(s) estudantes eran as axeitadas para a/ás praza(s) ofertada(s)?
4. Considero que estas prácticas supoñen un bo contacto dos/das estudantes co mundo laboral?
5. O desempeño xeral do(s)/da(s) estudantes foi axeitado?
6. Estiven atento/a ás necesidades do(s)/a(s) tutorando(s)/a(s) e mantiven unha comunicación axeitada con el(es)/ela(s)?

7. Indique o seu grao de satisfacción xeral coas tarefas desenvolvidas como titor/ra académico das prácticas externas (volume, dificultade das mesmas, etc.)?

8. A organización e o desenvolvemento xeral do programa de prácticas é axeitada?

Anotar Literalmente

9. Suxestións. En que aspectos se pode mellorar o procedemento de prácticas externas?

Contido Enquisa "Cuestionario para o/a Titor/a Profesional sobre Prácticas Externas"

Manifeste o seu nivel de acordo co enunciado, sinalando o número que mellor reflicte a súa apreciación. A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado)

1. A información previa recibida do procedemento das prácticas foi axeitada?

2. A coordinación e a planificación das prácticas realizouse atendendo as necesidades da empresa/institución e do(s)/da(s) estudante(s)?

3. Mantiven unha coordinación axeitada coa universidade e os responsables académicos do procedemento de prácticas?

4. As competencias profesionais previas do(s)/da(s) estudantes axústanse ás necesidades da miña empresa/institución?

5. O(s)/A(s) estudante(s) mantivo/mantiveron unha actitude proactiva e amosou interese polo desempeño da empresa?

6. Considera que estas prácticas supoñen un bo contacto dos/das estudantes co mundo laboral?

7. O desempeño xeral do(s)/da(s) estudante(s) foi axeitado para a empresa/institución?

8. Indique o seu grao de satisfacción era coas tarefas desenvolvidas como titor/ra profesional das prácticas externas?

9. Considera que a duración e programación das prácticas foi axeitada?

10. Contrataría á(s)/ao(s) estudante(s)? Si / Non

11. Volvería a ofertar esta praza de prácticas? Si / Non

12. Que aspectos formativos botou en falta no(s)/na(s) estudantes?

Planificación

A VCT e o CDP definen, en función do calendario académico de cada curso, os prazos xerais dispoñibles para a realización das enquisas. Como norma xeral, este prazos serán posteriores ao remate do período de prácticas externas.

O CDP comunicará ás direccións dos centros e aos responsables de calidade no caso dos graos e ás coordinacións dos másteres o período ordinario de realización da enquisa. Dada a variabilidade da configuración académica dos títulos de grao ou máster oficiais na realización das prácticas externas, o CDP ofrecerá a posibilidade de solicitar a realización da enquisa en diferentes prazos. Os/As responsables académicos/as dos graos e os/as coordinadores/ras dos másteres disporán dun prazo, dende o envío da comunicación, para

facen a proposta específica para a realización da enquisa no máster (datas, módulos, materias,...). Esta proposta deberá ser valorada e aceptada/rexeitada pola VCT e o CDP segundo os obxectivos da enquisa. Aqueles títulos que non teñan proposto unhas datas específicas en prazo serán enquisados no prazo ordinario de referencia que establezan a VCT e o CDP.

O CDP solicitará ás direccións dos centros no caso dos graos e ás coordinacións dos másteres os correos electrónicos dos/as titores/as profesionais encargados da supervisión do estudantado na realización das prácticas externas nas empresas e institucións. Estes datos deberán estar a disposición do CDP antes do período de realización das enquisas.

Unha vez definidos os prazos xerais e específicos, o CDP planificará a enquisa na aplicación informática que lle da soporte (cuestionarios, títulos, materias, períodos,...) coordinándose coa ATIC nas cuestións relativas á información de base a empregar na realización da enquisa (oferta académica, estudantado e titores/as académicos/as). A información fundamental que se emprega na planificación é: a oferta académica da USC para graos e másteres oficiais, a base de datos de matrícula do estudantado incluíndo os correos electrónicos persoais e corporativos, o POD e o correo electrónico corporativo do profesorado tutor/ra académico/a e os correos electrónicos, suministrados polos centros e/ou coordinadores de másteres, dos/as titores/as profesionais das prácticas externas.

Nesta fase de planificación garántese que os/as estudantes e titores/as poden cubrir telematicamente, a través da aplicación informática, o cuestionario de opinión sobre as prácticas externas.

Se durante esta fase se detectan discordancias na información das bases institucionais ou incidencias que impidan a correcta planificación da enquisa, serán rexistradas polo CDP e comunicadas á VCT.

Realización

O día de apertura do prazo para cubrir as enquisas, o CDP envía unha mensaxe ao correo electrónico do estudantado e os titores/as académicos/as e profesionais para informalos do comezo do período de realización das enquisas de opinión sobre a satisfacción coas prácticas externas. Nesa mensaxe se lle facilitan as instrucións para o acceso ao módulo de enquisas dependente da aplicación informática na que poden manifestar a súa opinión.

Durante o período de enquisa, enviaranse recordatorios aos participantes que aínda non respondera a enquisa para fomentar a participación e lembrarlles as datas de finalización do período de enquisa. Como mínimo, un a metade do período e outro a tres días da súa finalización.

Se durante esta fase se detectan incidencias que impidan a realización da enquisa, serán rexistradas e comunicadas o CDP e á VCT.

Informes

Unha vez finalizado o prazo para cubrir as enquisas, o CDP elaborará os informes de resultados. Os informes recollen, a nivel de título e para cada un dos modelos de cuestionario, o número de participantes que cubriron a enquisa e o número posible de participantes que podían cubrila, a satisfacción media global das opinións e por ítem do cuestionario.

O CDP comunicará aos/ás responsables académicos/as a dispoñibilidade deses informes de resultados que terán carácter provisional abrindo un prazo para comunicar as posibles incidencias. En caso de detectarse algunha inconsistencia no informe provisional, os/as responsables académicos/as disporán dun prazo de 20 días para solicitar, previa motivación, a súa revisión. Unha vez recibidas as solicitudes, o CDP rexistrará, valorará e resolverá as solicitudes informando á VCT e comunicando a resolución aos/ás interesados/as.

Unha vez resoltas as incidencias, realizarase novamente a explotación dos datos e o CDP comunicará aos/ás responsables académicos/as a dispoñibilidade dos informes de resultados que terán carácter definitivo.

O CDP elaborará, con base nos datos definitivos, os informes agregados necesarios para dar cobertura ás necesidades de información dos distintos órganos, responsables, títulos,... da USC así como, en coordinación coa VCT, un informe global de resultados que será público.

5.3. Enquisa sobre mobilidade

Alcance

A enquisa de opinión sobre a satisfacción coa mobilidade, tanto saínte como entrante, abarca a todas as titulacións de grao e máster oficial. Non son obxecto de cobertura os títulos que non teñen estudantes realizando mobilidade nun curso académico.

Esta enquisa require a participación (voluntaria e anónima) do estudantado dos títulos de grao e máster oficial da USC que realizan mobilidade nun curso académico. O procedemento debe garantir que todo o estudantado teña a oportunidade de participar para manifestar a súa opinión sobre a mobilidade realizada, entrante ou saínte.

O procedemento tamén implica a todos/as os/as responsables académicos/as dos graos, ás coordinacións de másteres e ao profesorado que son os/as principais receptores/as da información subministrada polo estudantado. Tamén implica ao servizo de relacións exteriores, encargado do seguimento xeral dos convenios de mobilidade na USC.

Contido Enquisa "Satisfacción de Estudiantado coa Mobilidade Saínte"

Titulación (Denominacións oficiais dos títulos de grao e máster)

País onde realizaches o programa de mobilidade (Listaxe de países)

Nome da universidade/institución de ensinanza superior de acollida (Listaxe de institucións)

Período da estancia (1º semestre, 2º semestre, anual)

Programa (Erasmus, Sicue/Séneca, Convenios bilaterais, Outros)

Indica o programa (Soamente no case de ter marcado Outros)

Curso da mobilidade (2º, 3º, 4º, 5º, 6º)

Preparación da estancia

Marque todas as opcións que considere

1. Que é o que che motivou para optar por un plan de mobilidade?

Interesábame a oferta académica da universidade escollida
Quería coñecer ese país/comunidade
Resultábame máis económico que outras opcións de mobilidade
Creo que pode favorecer o meu currículo
Recomendáronmo outros/as compañeiros/as
As opcións de validación son as máis atractivas de entre outros programas
Busco unha experiencia distinta
Outros (Anotar literalmente)

2. Como atopaches o aloxamento?

Taboleiro de anuncios
Indicacións do Servicio de Relacións Exteriores
Amizades ou coñecidos/as
Compañeiros/as de clase no lugar de destino
Axencia Inmobiliaria
Outras (Anotar literalmente)

Valore os seguintes aspectos da súa mobilidade manifestando o seu grao de satisfacción. A escala de valoración está comprendida entre 1 e 5 (1=nada, 2=pouco, 3=aceptable, 4=bastante, 5=moito).

3. Valore a información previa que considerou nos seus preparativos:

A información dispoñible na web da USC
A información dispoñible na web da universidade escollida
Servicio de Relacións Exteriores da USC
A información sobre as validacións.

4. Valore a preparación lingüística proporcionada pola USC

5. Cal é a súa valoración sobre a orientación e axuda recibidas por parte do coordinador ou coordinadora de mobilidade na USC?

Estancia e lugar de acollida

Marque unha única opción

6. Que tipo de aloxamento escolliches?

Residencia Universitaria
Apartamento ou piso compartido con outros/as estudantes
Casa particular
Outros (Anotar literalmente)

Marque todas as opcións que consideres

7. Como financiaches a túa estancia

Bolsa

Familia

Aforros propios

Préstamo privado

Outros (Anotar literalmente)

Valore os seguintes aspectos da súa mobilidade manifestando o seu grao de satisfacción. A escala de valoración está comprendida entre 1 e 5 (1=nada, 2=pouco, 3=aceptable, 4=bastante, 5=moito).

8. En que medida chegaches a sentirte integrado polos/as teus/túas compañeiros/as

9. Como consideras a achega aos teus gastos que supuxo a bolsa ou axuda económica recibida durante a estancia

10. Valore os seguintes aspectos da universidade na que estivo

Infraestruturas (aulas, laboratorios, talleres...)

Calidade do profesorado

Calidade da formación recibida

Posibilidades de validación das materias cursadas

Xornadas de acollida

11. Valore a utilidade do curso do idioma local realizado na universidade de acollida.

Experiencia

Marque todas as opcións que considere

12. Que aspectos cres que poderían ter mellorado a túa experiencia?

Máis iniciativas de acollida

Mellorar a formación previa en linguas

Un mellor acordo de estudos

Mellorar a contía das axudas económicas

Alternativas de aloxamento acordadas dende a lugar de orixe

Mellorar a información previa

Outros (Anotar literalmente)

Valore os seguintes aspectos da súa mobilidade manifestando o seu grao de satisfacción. A escala de valoración está comprendida entre 1 e 5 (1=nada, 2=pouco, 3=aceptable, 4=bastante, 5=moito).

13. Cal é a túa valoración da atención, recepción e acollida por parte da universidade de destino?

14. Valora globalmente a túa experiencia

Contido Enquisa "Encuesta de Satisfacción de Fin de Estancia;

Cuestionario para el/la Estudiante"

Muchas gracias por cubrir nuestra Encuesta de Fin de Estancia. El objetivo de esta Encuesta es mejorar la atención que os ofrecemos desde el Servicio de Relaciones Exteriores.

Cuál es su país de procedencia?

Programa de Intercambio: (Erasmus/Sicue/Erasmus/Convenio Bilateral/Otro (Indicar)

En qué campus de la USC ha cursado sus estudios? (Campus de Santiago de Compostela/Campus de Lugo)

Facultad en la USC

Titulación en la USC

Cuánto ha durado su estancia?: (1 año, 1 semestre, 2 semestres, 1 trimestre, 2 trimestres, otra (indicar))

Bloque 1: INFORMACIÓN PREVIA

¿Por qué eligió la USC para realizar esta estancia?: Me interesaba su oferta académica / Quería conocer Galicia / Resulta más económico que otras opciones de movilidad / Creo que puede favorecer mi currículum / Me la recomendaron otros/as compañeros/as / Las opciones de convalidación son más atractivas que otros programas / Otros

Valora entre 1 y 5:

Información disponible en la web de la USC

La información proporcionada por tu universidad de origen

Información sobre el sistema de evaluación

Información sobre las convalidaciones

Valora la preparación lingüística recibida en tu universidad de origen

¿En qué medida considera importante conocer el gallego para venir a la USC?

Bloque 2: DURANTE LA ESTANCIA

¿Qué tipo de alojamiento escogió? (Respuesta múltiple): Residencia Universitaria / Apartamento o piso compartido con otros estudiantes / Casa particular / Otro (indicar)

¿Cómo encuentro el alojamiento? (Respuesta múltiple): Tablón de anuncios / Indicaciones del Servicio de Relaciones Exteriores / Amigos / Compañeros de clase / Agencia Inmobiliaria / Otro (indicar)

¿Cómo financio su estancia? (Respuesta múltiple): Beca / Familia / Ahorros propios / Préstamo privado / Otros

Valora entre 1 y 5:

¿En qué medida considera que se ha integrado con el resto de compañeros/as?

Valore los siguientes aspectos de la USC: Infraestructuras (aulas, laboratorios, talleres...)

Valore los siguientes aspectos de la USC: Calidad del profesorado

Valore los siguientes aspectos de la USC: Calidad de la formación recibida

Valore los siguientes aspectos de la USC: Posibilidades de convalidación de las materias cursadas

Valore los siguientes aspectos de la USC: Jornadas de acogida

Valore la atención, recepción y acogida por parte de la USC

Valore globalmente su experiencia

En términos generales, ¿recomendaría la USC a otras personas para realizar su estancia?

Bloque 3: INSTALACIONES Y SERVICIOS DE LA USC

¿Realizó algún curso de español a través del Centro de Lenguas Modernas (CLM)?:
(Responda si o no)

Valore la calidad del curso de español realizado (Sólo si realizó algún curso de español en el CLM)

¿Realizó algún curso de gallego para extranjeros? (Responda si o no)

Valore la calidad del curso de gallego realizado (Sólo si realizó algún curso de gallego para extranjeros/as)

Bloque 4: EL SRE (SERVICIO DE RELACIONES EXTERIORES)

Valora entre 1 y 5:

En general, ¿Cómo valoraría el servicio prestado por el servicio de relaciones exteriores antes de su llegada?

Apoyo recibido durante su estancia por parte del Servicio de Relaciones Exteriores

¿Qué aspectos cree que podrían haber mejorado su experiencia? Más iniciativas de acogida / Mejorar la formación en idiomas / Una mejor adaptación del currículum académico / Mejorar la cuantía de las ayudas económicas / Alternativas de alojamiento gestionadas por la USC / Mejorar la información previa / Otros

Comente todo lo que quiera. Nos ayudará a mejorar nuestro servicio para futuros estudiantes; necesitamos sugerencias y consejos sobre lo que más notó en falta durante todo el proceso (solicitud, llegada, estancia, estudios, alojamiento, ...)

Planificación

A VCT e o CDP definen, en función do calendario académico de cada curso, os prazos xerais dispoñibles para a realización das enquisas. Como norma xeral, estes prazos serán posteriores ao remate do período de mobilidade. O CDP comunicará ás direccións dos centros e aos responsables de calidade no caso dos graos e ás coordinacións dos másteres do período ordinario de realización da enquisa para os graos e másteres.

Unha vez definidos os prazos, o CDP planificará a enquisa na aplicación informática que lle da soporte (cuestionarios, títulos, materias, períodos,...) coordinándose coa ATIC nas cuestións relativas á información de base a empregar na realización da enquisa (oferta académica e estudantado). A información fundamental que se emprega na planificación é: a oferta académica da USC para graos e másteres oficiais e a base de datos de matrícula do estudantado incluíndo os correos electrónicos persoais e corporativos.

Nesta fase de planificación garántese que os/as estudantes poden cubrir telematicamente, a través da aplicación informática, o cuestionario de opinión sobre mobilidade.

Se durante esta fase se detectan discordancias na información das bases institucionais ou incidencias que impidan a correcta planificación da enquisa, serán rexistradas polo CDP e comunicadas á VCT.

Realización

O día de apertura do prazo para cubrir as enquisas, o CDP envía unha mensaxe ao correo electrónico do estudantado para informalos do comezo do período de realización das enquisas de opinión sobre a satisfacción coa mobilidade. Nesa mensaxe se lle facilitan as instrucións para o acceso ao módulo de enquisas dependente da aplicación informática na que poden manifestar a súa opinión.

Durante o período de enquisa, enviaranse recordatorios aos participantes que aínda non respondera a enquisa para fomentar a participación e lembrarilles as datas de finalización do período de enquisa. Como mínimo, un a metade do período e outro a tres días da súa finalización.

Se durante esta fase se detectan incidencias que impidan a realización da enquisa, serán rexistradas polo CDP e comunicadas á VCT.

Informes

Unha vez finalizado o prazo para cubrir as enquisas, o CDP elaborará os informes de resultados. Os informes recollen, a nivel de título e para cada un dos modelos de cuestionario, o número de participantes que cubriron a enquisa e o número posible de participantes que podían cubrila, a satisfacción media global das opinións e por ítem do cuestionario.

O CDP comunicará aos/ás responsables académicos/as a dispoñibilidade deses informes de resultados que terán carácter provisional abrindo un prazo para comunicar as posibles incidencias.

En caso de detectarse algunha inconsistencia no informe provisional, os/as responsables académicos/as disporán dun prazo para solicitar, previa motivación, a súa revisión. Unha vez recibidas as solicitudes, o CDP rexistrará, valorará e resolverá as solicitudes informando á VCT e comunicando a resolución aos/ás interesados/as.

Unha vez resoltas as incidencias, realizarase novamente a explotación dos datos e o CDP comunicará aos/ás responsables académicos/as a dispoñibilidade dos informes de resultados que terán carácter definitivo.

O CDP elaborará, con base nos datos definitivos, os informes agregados necesarios para dar cobertura ás necesidades de información dos distintos órganos, responsables, títulos,... da USC así como, en coordinación coa VCT, un informe global de resultados que será público.

6. Enquisas a Egresados/as

Este apartado adicase a recoller os aspectos particulares de procedemento das enquisas que solicitan información aos/as egresados/as das titulacións oficiais de grao e mestrado.

6.1. Enquisa a egresados/as

Alcance

A enquisa sobre o grao de satisfacción dos/as egresados/as abarca todas as titulacións de grao e máster oficial impartidas na USC.

Esta enquisa require a participación (voluntaria, autorizada e anónima) dos/as egresados/as dos títulos de grao e máster oficial da USC. O procedemento debe garantir que todos/as os/as titulados/as teñan a oportunidade de participar para manifestar a súa satisfacción coa titulación, co centro que o imparte e cos servizos administrativos.

Contido Enquisa “Satisfacción dos/as Egresados/as (Grao/Máster)”

Esta enquisa é de opinión (non de avaliación) e recolle a túa percepción co obxectivo de servir como indicador para a mellora da calidade da oferta formativa e os servizos da universidade. Responder supón un pequeno esforzo, pero tamén representa unha oportunidade para expresarse. A información que achega é importante, por isto pedímoslle que responda con sinceridade a cada unha das preguntas. Esta enquisa garante o seu anonimato. A USC agradece a súa participación activa e responsable, imprescindible nos procesos de mellora.

Titulación (Denominacións oficiais dos títulos de grao/máster)

Sexo

Situación actual

Marque unha única opción

1. Cal é a súa situación profesional actual?

Estou traballando por conta allea (asalariado/a)

Estou traballando por conta propia (autónomo/a ou empresario/a)

Teño un contrato en prácticas

Traballo e estudo ao mesmo tempo

Estudo un mestrado

Estudo outro grao

Estudo un programa de doutoramento

Preparo oposicións

Outras situacións

Si/non

2. Continúa os teus estudos na USC? (Só no caso de seguir estudando).

Marque unha única opción

3. Canto tempo leva no seu traballo actual? (Só no caso de estar traballando)

Menos de 3 meses

Entre 3 e 6 meses

Entre 6 e 9 meses

Entre 9 e 12 meses

Máis de 12

Marque unha única resposta

4. Cal é o seu salario mensual? (Só no caso de estar traballando)

Menos de 500€

Entre 500€ e 1.000€

Entre 1.000€ e 1.500€ o

Entre 1.500 e 2.000€ o

Máis de 2.000€

Valore os seguintes aspectos do seu paso pola Universidade de Santiago de Compostela manifestando o seu grao de satisfacción. A escala de valoración está comprendida entre 1 e 5 (1=nada, 2=pouco, 3=aceptable, 4=bastante, 5=moito).

5. En que medida diría que o seu traballo está relacionado coa titulación cursada? (Só no caso de estar traballando)

Si/non

6. Algunha vez buscou traballo relacionado coa súa titulación?

Marque unha única opción

7. Dende que comezou a buscar traballo relacionado coa titulación, canto tardou en atopalo? (Só se buscou traballo relacionado coa titulación)

Menos de 3 meses

Entre 3 e 6 meses

Entre 6 e 9 meses

Entre 9 e 12 meses

Máis de 12

Valore os seguintes aspectos do seu paso pola Universidade de Santiago de Compostela manifestando o seu grao de satisfacción. A escala de valoración está comprendida entre 1 e 5 (1=nada, 2=pouco, 3=aceptable, 4=bastante, 5=moito).

8. En que medida cree que a súa titulación resultalle útil para o mercado laboral?

Formación recibida e Xestión da formación académica

Valore os seguintes aspectos do seu paso pola Universidade de Santiago de Compostela manifestando o seu grao de satisfacción. A escala de valoración está comprendida entre 1 e 5 (1=nada, 2=pouco, 3=aceptable, 4=bastante, 5=moito).

9. Valore os seguintes aspectos da formación recibida.

Formación teórica

Formación práctica

Docentes

10. En que medida a titulación contribuíu a que adquirira ou potenciara os seguintes aspectos da súa formación?

Capacidade de análise

Traballo en equipo

Capacidade de planificación, coordinación e organización

Creatividade

11. Valore os recursos materiais e servizos utilizados durante a formación recibida.

12. Valore a información pública dispoñible durante a formación recibida.

13. Cal é a súa satisfacción xeral coa titulación?

14. Recomendaría a USC a alguén que quixera cursar a súa titulación?

Contacto coa USC

Valore os seguintes aspectos do seu paso pola Universidade de Santiago de Compostela manifestando o seu grao de satisfacción. A escala de valoración está comprendida entre 1 e 5 (1=nada, 2=pouco, 3=aceptable, 4=bastante, 5=moito).

15. Cal é a súa satisfacción xeral coa USC?

16. En que medida diría que a USC é unha universidade de prestixio?

17. Gustaríalle participar como egresado/a da USC en actos organizados pola universidade? (reunións de antigos estudantes, impartir charlas contando a súa experiencia, etc.)

Resposta libre

18. Indique calquera comentario ou suxestión que teña ao respecto da súa experiencia na titulación ou como estudante da USC

Planificación

A VCT e o CDP definen, en función do calendario académico de cada curso, os prazos xerais dispoñibles para a realización das enquisas. Como norma xeral, estes prazos serán posteriores ao peche de actas do segundo semestre dos Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Máster.

A información fundamental que se emprega na planificación é: a oferta académica da USC para graos e másteres oficiais, a base de datos de matrícula do alumnado incluíndo os correos electrónicos persoais e corporativos e a información sobre a obtención dos créditos necesarios para titularse.

Nesta fase de planificación garántese que os/as estudantes poden cubrir telematicamente, a través do enlace á enquisa sobre o grao de satisfacción dos/as titulados/as, que se lles remite ao seu correo electrónico.

Realización

O día de apertura do prazo para cubrir as enquisas, o CDP, a través da aplicación informática, enviará unha mensaxe ao correo electrónico de todo o estudantado que teña superado os créditos necesarios para obter a titulación. Neste correo informarase do comezo do período de realización das enquisas para opinar sobre o grao de satisfacción coa titulación, co centro e cos servizos administrativos e se lle facilitarán as instrucións necesarias para o acceso ao módulo de enquisas dependente da aplicación informática na que pode manifestar a súa opinión.

Durante o período de enquisa, enviaranse recordatorios ao estudantado que aínda non respondera a enquisa para fomentar a súa participación e lembrar-lles as datas de finalización do período de enquisa. Como mínimo, un a metade do período e outro a tres días da súa finalización.

Se durante esta fase se detectan incidencias que impidan a realización da enquisa, serán rexistradas polo CDP e comunicadas á VCT.

Informes

Unha vez finalizado o prazo para cubrir as enquisas, o CDP elaborará o informe de resultados. Este informe recolle o número de estudantes que cubriron a enquisa e o número posible de estudantes que poderían cubrila, a satisfacción media global das opinións do estudantado para cada pregunta do cuestionario, así como, as valoracións medias para cada bloque no que se estrutura a enquisa.

O CDP elaborará, con base nesta información primaria, os informes agregados necesarios que dean cobertura ás distintas necesidades de información para a xestión do sistema de calidade da USC.

7. Enquisas de Programas de Doutoramento

Neste apartado recóllense os aspectos particulares de procedemento das enquisas específicas dos programas de doutoramento.

7.1. Enquisa de satisfacción co programa de doutoramento

Alcance

As enquisas de satisfacción cos programas de doutoramento abarcan a opinión de todos os grupos de interese relacionados con ditos programas: estudantes, directores de programas, titores, PTXAS e egresados/as.

Esta enquisa require a participación (voluntaria e anónima) dos distintos colectivo relacionados cos programas de doutoramento. O procedemento debe garantir que todos/as os/as implicados/as teñan a oportunidade de participar para manifestar a súa satisfacción cos programas.

Contido Enquisa "Satisfacción de Estudantes de Programas Oficiais de Doutoramento; Estudantes 1º Ano"

Indique, por favor, o seu grao de satisfacción coas seguintes cuestións:

Información e orientación xeral do programa

1. A información pública dispoñible nas Web, sobre o PD (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación)

2. O sistema de bolsas/contratos para o estudantado (etapa de formación, mobilidade).

Procedementos administrativos

3. O proceso de admisión e matrícula

4. Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas

5. Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos plans de investigación.

Recursos humanos

6. O labor do/a coordinador/a do programa.

7. O labor do/a meu/miña titor/a.

8. O labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese.

9. O fomento da crítica científica e maila actividade investigadora, por parte do/a/s director/a/s da tese.

10. O labor do persoal administrativo da EDIUS e o do Centro (facultade, escola, centros ou institutos de investigación).

Recursos materiais

11. Os medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para o desenvolvemento da miña tese.

12. Os espazos de traballo (biblioteca, laboratorios, etc.)

Oferta formativa

13. Elixín este programa pola súa relación cos meu obxectivos profesionais.

14. En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento.

Suxestións/Observacións

Se quere facer algunha suxestión/observación, utilice este espazo:

Contido Enquisa "Satisfacción de Estudantes de Programas Oficiais de Doutoramento; Estudantes 3º Ano"

Indique, por favor, o seu grao de satisfacción coas seguintes cuestións:

Información e orientación xeral do programa

1. A información pública dispoñible nas Web, sobre o PD (obxectivos, requisitos formativos, cadro docente, liñas de investigación)

2. A información proporcionada sobre as modalidades de presentación da tese (tradicional ou por compendio de artigos).

3. A información proporcionada sobre a mención internacional/mención industrial.

4. A información proporcionada sobre o sistema de bolsas/contratos da etapa de formación.

5. A información proporcionada sobre o sistema de bolsas/contratos para investigadores/as posdoutorais.

6. A información sobre saídas profesionais tralo doutoramento.

Procedementos administrativos

7. O proceso de renovación da matrícula.

8. Os trámites administrativos que debo seguir antes de defender a miña tese.

9. Os procedementos informáticos relativos á proposta e aprobación dos documentos de actividades formativas.

10. As ferramentas informáticas para a xestión dos estudos de doutoramento.

Recursos humanos

11. O labor do/a coordinador/a do programa.

12. O labor do/a meu/miña tutor/a.

13. O labor do/a/s meu/miña/s director/a/s de tese.

14. O fomento da crítica científica e maila actividade investigadora, por parte do/a/director/a/s da tese.

15. O labor do persoal administrativo da EDIUS e o do Centro (facultade, escola, centros ou institutos de investigación).

Recursos materiais

16. Os medios materiais, bibliográficos e de investigación necesarios para o desenvolvemento da miña tese.

17. Os espazos de traballo (biblioteca, laboratorios, etc.)

Oferta formativa

18. O tema da miña tese responde as miñas expectativas.

19. O PD apórtame coñecementos novos, precisos e actualizados.

20. A oferta formativa do programa (cursos, seminarios, etc. obrigatorios e/ou complementarios) é de interese e de calidade.

21. Elixín este PD pola súa relación cos meus obxectivos profesionais.

22. O PD ábreme novas perspectivas cara á miña inserción laboral.

23. O meu esforzo e dedicación para a miña investigación.

VALORACIÓN XERAL DO PD

24. En xeral, estou satisfeito/a co PD.

25. Coa información da que dispoño neste momento, volvería a elixir este PD para realizar estudos de doutoramento.

Suxestións/Observacións

Se quere facer algunha suxestión/observación, utilice este espazo:

Contido Enquisa "Satisfacción dos/as Titores/as e Directores/as cos Programas de Doutoramento"

Manifeste o seu nivel de acordo co aspecto indicado no enunciado, sinalando o número que mellor reflicte a súa apreciación. A valoración está comprendida entre 1 e 5. O 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e o 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado).

Satisfacción coa xestión da titulación.

Organización e desenvolvemento

1.- Información, planificación e coordinación levadas a cabo pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD)

2.- Oferta, planificación e organización das actividades formativas (seminarios, cursos, congresos, xornadas...)

3.- Actividades desenvolvidas e axudas dispoñibles á mobilidade ou estadias de investigación

4.- Supervisión e avaliación do progreso da investigación do/as doutorando/as realizadas pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento.

5.- Motivación e os coñecementos do estudantado matriculado no programa.

6.- Apoio económico (contratos, bolsas) aos/as doutorandos/as

Información e transparencia

7.- Información da páxina web da EDIUS

8.- Información da páxina web do programa

Recursos

Recursos humanos

9.- Requisitos esixidos para acreditar a experiencia investigadora

10.- Mecanismo de recoñecemento (dedicacións docentes) do labor de titorización e dirección de teses

Recursos materiais e servizos

11.- Adecuación e a dispoñibilidade dos laboratorios, aulas, espazos para talleres, equipamentos especiais, recursos bibliográficos, recursos e redes de telecomunicacións.

12.- Apoio nos trámites administrativos prestado polo persoal administrativo

13.- Xestión na resolución das incidencias e reclamacións

Resultados

Resultados do programa formativo

14.- Formación investigadora adquirida polo estudiantado

Pregunta de síntese

15.- Indique o seu grao de satisfacción global co programa de doutoramento

Suxestións/Observacións

Se quere facer algunha suxestión/observación, utilice este espazo:

Contido Enquisa “Cuestionario para Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos sobre os Programas de Doutoramento”

A USC está a realizar unha avaliación para mellorar a calidade dos seus programas de doutoramento, e así contribuír á mellora da formación do estudiantado e á mellora da propia Universidade.

Por iso, gustaríanos coñecer a súa opinión sobre diferentes aspectos dos programas de doutoramento contestando o seguinte cuestionario.

As súas respostas serán confidenciais e nunca serán tratadas persoalmente

Na maioría das preguntas basta con que exprese o seu grao de satisfacción puntuando de 1 a 5 as cuestións no lugar indicado para iso (o valor 1 é o máis negativo da escala e o 5 o máis positivo, sendo 3 o valor central). Noutras, a posible resposta é aberta.

A escala empregada é a seguinte: (1) Moi insatisfactorio; (2) Insatisfactorio; (3) Aceptable; (4) Satisfactorio; (5) Moi satisfactorio.

Se non ten ningunha opinión sobre algunha cuestión ou non é aplicable para vostede, pode deixala en branco.

Datos de entrada

1 Ámbito

Indique, por favor, o seu grao de satisfacción coas seguintes cuestións:

BLOQUE I

Xestión da titulación

Organización e desenvolvemento

1. A xestión desenvolvida polas comisións académicas dos programas de doutoramento (CAPD).
2. A xestión desenvolvida polo coordinador/a do programa.
3. O contacto co estudantado dos programas de doutoramento.
4. A coordinación cos servizos centrais con competencias de xestión nos estudos de doutoramento (EDIUS, SXA, ...)

Información e transparencia

5. A información proporcionada polas páxinas web dos programas de doutoramento.
6. A información proporcionada pola páxina web da Escola Internacional de Doutoramento (EDIUS).

Xestión da calidade (Sistema de garantía de calidade de doutoramento)

7. A xestión das queixas, suxestións e parabéns.
8. A identificación, na miña actividade diaria, de aspectos susceptibles de mellora.

Recursos

Recursos humanos

9. A estrutura organizativa da Universidade para o apoio aos PD.
10. A dotación do persoal
11. A formación para desempeñar o meu traballo

Recursos materiais e servizos

12. O equipamento (recursos, espazos) para desenvolver o meu traballo
13. As ferramentas para a xestión e o desenvolvemento dos estudos de doutoramento. (Aplicacións informáticas, medios nos laboratorios...).

Pregunta de síntese:

14. En xeral, estou satisfeito/a coa xestión dos programas de doutoramento

Suxestións/Observacións

Se quere facer algunha suxestión/observación, utilice este espazo:

Contido Enquisa "Satisfacción dos/as Egresados/as co Programa Oficial de Doutoramento"

Manifeste o seu nivel de acordo co enunciado, sinalando o número que mellor reflicte a súa apreciación. A valoración está comprendida entre 1 e 5. 1 representa a cualificación máis baixa (moi en desacordo co enunciado) e 5 a máis alta (moi de acordo co enunciado)

Empregabilidade e Inserción laboral:

- 1- O PD capacitoume para o desenvolvemento da miña carreira investigadora.
2. A realización do PD facilitou a miña inserción laboral como investigador/a.
3. O PD contribuíu a mellorar o meu nivel sociolaboral.
4. O traballo que desempeño actualmente está relacionado co contido do PD realizado.

Satisfacción global:

5. Indique o seu grao de satisfacción global co PD.
6. Indique o seu grao de satisfacción global co/a/s director/a/s e titor/a/s.
7. Estou satisfeito/a coas competencias e habilidades adquiridas ao realizar o PD.
8. Recomendaría a realización deste PD.

Suxestións/Observacións:

9. Se quere facer algunha suxestión/observación

Planificación

A VCT e o CDP definen, en función do calendario académico de cada curso, os prazos xerais dispoñibles para a realización das enquisas. Como norma xeral, estes prazos serán finais do curso académico.

A información fundamental que se emprega na planificación é: a oferta académica da USC para programas de doutoramento, a base de datos de matrícula do estudantado incluíndo os correos electrónicos persoais e corporativos, a base de datos de PDI incluíndo os seus correos corporativos e os datos de PTXAS relacionados cos programas de doutoramento.

Nesta fase de planificación garántese que todo/as os/ás implicados/as poden cubrir telematicamente, a través do enlace á enquisa sobre o grao de satisfacción que se lles remite ao seu correo electrónico.

Realización

O día de apertura do prazo para cubrir as enquisas, o CDP, a través da aplicación informática, enviará unha mensaxe ao correo electrónico a todos/as os/ás participantes na enquisa. Neste correo informarase do comezo do período de realización das enquisas e se lle facilitarán as instrucións necesarias para o acceso ao módulo de enquisas dependente da aplicación informática na que pode manifestar a súa opinión.

Durante o período de enquisa, enviaranse recordatorios aos participantes que aínda non respondera a enquisa para fomentar a súa participación e lembrarles as datas de finalización do período de enquisa. Como mínimo, un a metade do período e outro a tres días da súa finalización.

Se durante esta fase se detectan incidencias que impidan a realización da enquisa, serán rexistradas polo CDP e comunicadas á VCT.

Informes

Unha vez finalizado o prazo para cubrir as enquisas, o CDP elaborará o informe de resultados. Este informe recolle o número de participantes que cubriron a enquisa e o

número posible de participantes que poderían cubrila, a satisfacción media global das opinións para cada pregunta do cuestionario, así como, as valoracións medias para cada bloque no que se estrutura a enquisa.

O CDP elaborará, con base nesta información primaria, os informes agregados necesarios que dean cobertura ás distintas necesidades de información para a xestión do sistema de calidade da USC.

8. Formato de Informes

Neste apartado detállase o formato de referencia dos informes sobre enquisas de avaliación a empregar. Como norma xeral, os informes realizaranse con formato de páxina horizontal y levaran na esquina superior esquerda o logo do CDP. Os formatos xerais definidos neste documento poderán adaptarse, mantendo a estrutura e identidade xeral, as necesidades individuais de cada informe.

A cabeceira dos informes conterá, como norma xeral mínima, a seguinte información: Denominación do informe, curso de referencia do informe, centro ao que fai referencia o informe (código e nome), título ao que fai referencia o informe (código e nome), plan de estudos ao que fai referencia o informe (código e nome).

Cando un informe repita contido para as materias dun plano estudos engadirase unha columna a esquerda co código e nome da materia que agrupe os ítem relacionados con cada materia.

Estes formatos xerais, especificados neste documento para informes asociados a enquisas, serán de aplicación a calquera tipo de informe, salvo circunstancias técnicas especiais que o impidan. A adaptación a cada informe particular pode supor a non inclusión de todos os datos dos formatos de resultados desenvolvidos (por exemplo, informes de accións formativas que son transversais).

Os informes provenientes de fontes externas utilizaran o formato de orixe dos datos.

8.1. Informe tipo de resultados de enquisas

Este tipo de informe úsase nas enquisas libres.

INF XX – Denominación do informe

Curso do informe

Código do centro – Nome do centro

Código RUCT de título – Nome do título

Código plan de estudos – Nome do plan de estudos

Datos da enquisa:

Poboación Obxectivo:	XXX
Número de enquisas cubertas:	XXX
Taxa de participación:	XXX %
Rango de valoración:	X - X

Preguntas Valoración	Media Enquisa	Media Global
Ítem 1		

Ítem 2		
Ítem 3		
...		

	Media Enquisa	Media Global
Valoración global		

Preguntas Opcións	Resposta	Porcentaxe
Ítem 1		
Ítem 2		
Ítem 3		
...		

Preguntas Abertas

8.2. Informe tipo sobre evolución de resultados

Este tipo de informe úsase nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida e coa titulación (estudiantes e PDI).

INF XX – Denominación do informe

Curso do informe

Código do centro – Nome do centro

Código RUCT de título – Nome do título

Código plan de estudos – Nome do plan de estudos

Preguntas	Curso Actual -5	Curso Actual - 4	Curso Actual -3	Curso Actual - 2	Curso Actual -1	Curso Actual
Ítem 1						
Ítem 2						
Ítem 3						
...						

	Curso Actual -5	Curso Actual - 4	Curso Actual -3	Curso Actual - 2	Curso Actual -1	Curso Actual
Valoración global						
Participación						

Preguntas Opciones	Resposta	Porcentaxe
Ítem 1		
Ítem 2		
Ítem 3		
...		